



PROCEDEMENTO: Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES II)

CÓDIGO : IN421R

ENTIDADE COLABORADORA: Non procede

CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN: Non procede

REPRESENTANTE ENTIDADE COLABORADORA: Non procede

CONCELLO DE REDONDELA

REXISTRO ENTRADA

2021-E-RC-8569

23/06/2021 08:54



SOLICITANTE: CONCELLO DE REDONDELA

CÓDIGO SOLICITUDE: IN421R-13

ACTUACIÓN: INSTALACIÓN DE PUNTO DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO PASEO DA XUNQUEIRA, REDONDELA

O 24-03-2021 ditouse pola directora do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a seguinte resolución:

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

ANTECEDENTES

- O 01-10-2020 o solicitante /entidade colaboradora que figura no encabezado presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado no encabezado
- O 08-03-2021 o equipo técnico do Inega verificou o Informe de control de elixibilidade (ICE) de comprobación da solicitude e emitiu informe de proposta de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS LEGAIS

- Resolución do 31 de agosto de 2020, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II). Anualidade 2020 (código IN421Q e IN421R).
- Corresponde á xefa da unidade Xurídico-Administrativa do Inega a competencia para instruír o procedemento administrativo de concesión de subvención, e á directora do citado ente público ditar as diferentes resolucións que se deriven da súa tramitación (artigo 10 da convocatoria de axudas).

De acordo con todo o anterior esta dirección, **RESOLVE:**

- Conceder unha axuda ao proxecto sinalado de acordo coas seguintes condicións:

- Tipoloxía do beneficiario: Entidades locais e entidades públicas dependentes ou vinculadas a elas
- Tipoloxía do proxecto: IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS
- IVE elixible: Si
- Investimento validado resolución: 21.889,23 €
- Investimento elixible: 21.889,23 €
- Investimento de referencia: 0,00 €
- Intensidade de axuda (%): 40.00
- Importe da axuda concedida: 8.755,69 €

Motivos minoración:

- Prazo de execución e xustificación do proxecto:

O prazo máximo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados desde a data de notificación da resolución de concesión. Ademais, o prazo de execución das actuacións en ningún caso poderá



exceder do 17 de marzo de 2023.

3. Son obrigas dos beneficiarios sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

b) Xustificar ante o Inega directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinala na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.

c) Acreditar ante o Inega directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, con anterioridade a dítarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o Inega. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como se establece no artigo 23 destas convocatorias.

e) Cando non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención.

f) O beneficiario está obrigado a respectar o destino do investimento, polo menos, os tres (3) anos posteriores á data da resolución de pagamento final, no caso da Actuación 1- Adquisición de vehículos alternativos este prazo será de dous (2) anos salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso no que se aplicarán estes.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, que podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Comunicarlle ao Inega, directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Toda referencia ás actuacións subvencionadas en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e en xeral calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuran no Manual de Imaxe do Programa que estará dispoñible na web do IDAE, no que figuran Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo como Ministerios Co-propoñentes da norma, e ó "Programa de incentivos a Mobilidade Eficiente e Sostible, MOVES II" e tamén deberán constar o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

4. Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso de alzada, ante o presidente da axencia Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun (1) mes dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere pertinente.

O que se notifica en cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A xefa da Unidade Xurídico-Administrativa,

Zoila Fernández Maceiras

